



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

23 de xuño de 2011

METEOROLOXÍA

Durante os últimos días as temperaturas foron moderadas para a época do ano e rexistráronse nalgúnhas zonas de Galicia precipitacións de carácter feble durante os días 13 o 17 de xuño. En zonas vitícolas de Ourense e na Limia, de xeito xeral, predominou o tempo seco e soleado. As temperaturas diurnas subiron ata alcanzar valores propios desta época.

A vindeira fin de semana, Galicia quedará baixo influencia anticiclónica. Con esta situación, teremos que agardar ceos pouco anubrados ou despexados e temperaturas propias desta época do ano. A partir do martes, cos ventos do norte, a temperaturas descenderán lixeiramente e as probabilidades de chuvia ascenderán lixeiramente no terzo norte.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L - peche de acio

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

As precipitacións da semana pasada propiciaron a aparición de novos ciclos de desenvolvemento do fungo debido a unhas boas condicións para a infección. Os viñedos que, seguindo as indicacións de anteriores boletíns, aplicaron os fitosanitarios no momento óptimo (en torno aos días 14 a 16 de xuño) detiveron o desenvolvemento da enfermidade e polo tanto non presentan sintomatoloxía. As parcelas que non aplicaron fitosanitarios no momento óptimo indicado anteriormente, terán que deter o desenvolvemento do mildew antes de que se produzan as condicións de incubación-esporulación do ciclo apuntado, **pois as uvas aínda son susceptibles ao mildew larvado.**

Oídio (*Uncinula necator*)

A baixada de temperaturas máis os tratamentos recomendados para o control da enfermidade minimizaron os síntomas de oídio. No estado fenolóxico actual **todavía é necesario manter a vixianza e control da enfermidade** nas próximas datas.

Black rot (*Guignardia bidwellii*)

Ou **gangrena negra**. Durante a última semana **producíronse novamente síntomas de Black-rot na comarca do Condado**, chegando a contabilizar danos nos acios en torno ao 3% nalgúnhas parcelas.



Acio de albariño con danos por black-rot



D.O. Rías Baixas

segue VIÑEDO



A sintomatoloxía en folla é moito menor. A mellora climatolóxica para as próximas datas, máis os tratamentos fitosanitarios, frearán a súa evolución.

Polilla dos acios (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*)

En xeral **aumento dos voos** e en algunhas trampas xa se rexistran capturas en torno os 100 adultos, polo tanto tamén **prevense máximos de ovoposición** do insecto durante os próximos días tendo en conta tamén a mellora do tempo, momento óptimo en torno o cal hai que aplicar os insecticidas recomendados de tipo biorracional.

Na foto pódese ver unha trampa de monitoreo de polilla coa placa engomada cun elevado número de adultos macho atrapados ao verse atraídos pola feromona colocada.

Mosquito verde (*Empoasca vitis* e *Zygina rhamnii*)

Mantense a presenza da praga, aínda que normalmente en niveis de poboación baixos, non chegando a porcentaxes de umbral de tratamento (1 forma móbil/folla).

Ácaros (*Calepitrimerus vitis* e *Panonychus ulmi*)

Durante a última semana debido as precipitacións en xeral observase o mantemento **das poboacións de ácaros**, tanto da acariose (*Calepitrimerus vitis*) como da araña roxa (*Panonychus ulmi*).

Complexo Esca.

Visialízanse novos casos illados con síntomas de iesca na madeira da cepa e, por ende, nos acios e follas.



Acios e follas con síntomas de danos polo complexo iesca.

Recomendacións

Nas parcelas en que se realizou o **último tratamento de mildu durante o intervalo do 14 ao 16 de xuño cun fitosanitario curativo**, o normal é que se detivese o ciclo de desenvolvemento no momento óptimo de pre e post-infección, aínda que deberase ter en conta, de selo caso, eventuais problemas de resistencia á materia



D.O. Rías Baixas

segue VIÑEDO

problemas de resistencia a materia activa (máximo recomendado 3 por campaña) ou mala dosificación-distribución do fitosanitario.

As parcelas que non trataron nese intervalo, deberán renovar o tratamento de mildeu para deter o desenvolvemento do fungo antes de que apareza sintomatoloxía en forma de mildeu larvado.

En todos os casos débese manter a vixianza diaria do viñado e, xunto cos tratamentos de mildeu, seguir as recomendacións para **o control fitosanitario de oídio**.

Na comarca do Condado empregar preferentemente fitosanitarios con dobre efecto mildeu-black rot (mancoceb, azoxystrobin) ou oídio-black rot (miclobutanil, propiconazol).

Ademais xa é necesario actuar contra a polilla, recomendándose aplicar insecticidas biorracionais; neste momento corresponde tratar con algún dos seguintes principios activos: Flufenoxuron, indoxacarb, metoxifenocide (todos entre inicio de voo e inicio de eclosión).

Nas próximas datas poderanse empregar: Spinosad, tebifenocide, bacillus thuringiensis, emamectina (todos o inicio de eclosión das larvas), non recomendables polo tanto neste momento pero si válidos para próximas datas.

As cepas con síntomas de Esca hai que marcalas a altura da zona sa para, durante a parada vexetativa na época da poda de inverno, realizar os cortes terapéuticos precisos a altura desta zona, facendo unha queima controlada dos órganos eliminados. O material de poda tamén deberá ser desinfectado con alcohol ou lexía.

Manter a **vixianza na evolución dos ácaros en folla e zonas de crecemento da gomariza** e, en función dos porcentaxes encontrados, avaliar a necesidade de tratamentos acaricidas durante as próximas datas, se se supera o umbral de tratamento da araña roxa e acariose (en verán 30% de follas ocupadas e porcentaxe menor de acarofauna).

D.O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

L - peche de acio

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Seguen aparecendo manchas de **mildeu** (*Plasmopara viticola*), especialmente nas follas novas, sen que as novas infeccións afecten aos acios.

Seguen producíndose novas infeccións de **black-rot** (*Guignardia bidwellii*), especialmente en folla, sen a intensidade da semana pasada.

Continúan aparecendo síntomas de **oídio** (*Uncinula necator*) en acio pero con menor intensidade que a semana pasada.

En xeral, os tratamentos aplicados durante a derradeira semana frearon o avance das enfermidades fúnxicas.

Seguen aparecendo, de xeito puntual, síntomas da presenza de **mosquito verde** (*Empoasca vitis* e *Zygina rhamnii*), que no caso de cepas débiles con pouca masa foliar pode provocar danos de importancia.

As capturas de exemplares da **polilla dos acios** (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*) nas



Variedade Treixadura. Estado de desenvolvemento actual dos acios.



D.O. Ribeiro

segue VIÑEDO

trampas colocadas en varias parcelas non alcanzan valores de importancia. Tampouco se detectaron síntomas da súa presenza nos acios.



Ataque de oídio en acio na DO Ribeiro



Novas manchas de mildeu e black-rot en folia na DO Ribeiro

Recomendacións da semana

Débase continuar coa vixilancia do cultivo. É moi importante renovar os tratamentos de carácter preventivo contra **mildeu** e **black-rot** a base de materias activas de contacto. Para ataques de **mildeu** en acios haberá que empregar materias activas penetrantes para cortar o avance da enfermidade.

No caso de ataques de intensidade moderada ou forte de **black-rot** é recomendable empregar materias activas específicas de carácter curativo para este fungo, como miclobutanil ou azoxistrobin, para frenar o avance da enfermidade.

Débase renovar o tratamento preventivo contra o **oídio**, coa consideración de que a aplicación de xofre obriga a facer os tratamentos fora das horas centrais do día para evitar queimaduras nos acios.

No caso de que se aprecien danos importantes na masa foliar da planta pola actividade do **mosquito verde**, recurrirase á aplicación de insecticidas para o control da praga.

Débase continuar coas labores de **enramado** e **despuntado** para facilitar o desenrolo do cultivo, así como co **corte da herba** para evitar o desenrolo de patóxenos e a competencia co propio cultivo.



Bagos de Treixadura afectados por black-rot na DO Ribeiro

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

K - vago de tamaño chícharo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Continúan aparecendo síntomas de **mildeu**, sen que se produciran danos de importancia. Non se aprecian novos síntomas de **black-rot** nin de **oídio**.



D.O. Valdeorras

[segue VIÑEDO](#)

Recomendacións da semana

Débesse manter a vixilancia do cultivo renovando os tratamentos contra o **mildeu** a base de materias activas de contacto.

A aplicación de **xofre** en po ou mollable manterá o control do **oídio**.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

K - vago de tamaño chícharo a **L** - peche do acio.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Seguen aparecendo manchas de **mildeu**, principalmente en follas novas, que chegan a esporular no envés e que están sendo controladas sen problemas. Tamén se detectaron síntomas de **black-rot**, principalmente nos acios, sen que de momento supoñan danos de importancia, pero que obrigan a extremar a vixilancia do cultivo. Ademais, seguen localizándose, de xeito illado, síntomas da presenza de **oídio** nos acios.

Remitiron os síntomas provocados pola presenza de **ácaros** e mantense a actividade do **mosquito verde**, obrigando a tratar para controlar esta praga cando existe un risco importante de defoliación da planta.

Recomendacións da semana:

Débesse renovar os tratamentos contra **mildeu**, **black-rot** e **oídio** seguindo as indicacións para a DO Ribeiro.

No caso de que se produzan danos de importancia na masa foliar provocados pola presenza de **mosquito verde**, caso de cepas novas ou debilitadas, haberá que tratar con materias activas autorizadas.

D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio

K - bago de tamaño chícharo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Do mesmo xeito que nas outras DD.OO., seguen aparecendo síntomas de novos ataques de **mildeu**, especialmente nas follas novas, xa que se manteñen as condicións que favorecen novas reinfeksiós. Agárdase que a subida das temperaturas, máis o mantemento dos tratamentos, paren o desenrolo do fungo.

Non se apreciaron síntomas doutros patóxenos que supoñan riscos para a evolución do cultivo.

Recomendacións da semana

Extremar a vixilancia do cultivo, especialmente para controlar o avance de **mildeu**. Débesse renovar os tratamentos a base de materias activas de contacto e/ou penetrante cando a intensidade do ataque sexa alta.

De xeito xeral, adoptaranse as mesmas recomendacións que para a D.O. Ribeiro, destacando a necesidade de manter os tratamentos preventivos contra **oídio**, a base de



Acios de Godello atacados por **mildeu** na D.O. Monterrei.



D.O. Monterrei

[segue VIÑEDO](#)

de materias activas penetrantes ou de contacto como o **xofre**, xa que nesta fase do cultivo e nesta área xeográfica todos os anos prodúcense ataques deste fungo.

KIWI

Estado fenolóxico - I

Bacterioses

Durante esta semana non se observaron síntomas novos de bacteriose en follas, se ben nalgunhas explotacións do sur da provincia de Pontevedra pódense atopar manchas nas follas, como as da fotografía anexa que apareceron ao longo do mes de maio. Nos últimos días reveláronse positivos de *Pseudomonas syringae* pv *actinidiae* (PSA) en follas procedentes de plantacións nos concellos de Gondomar, Tomiño e Pontearreas (nestes dous últimos casos, pendentos de confirmación oficial do laboratorio).



Fungos da madeira

É frecuente atopar nas plantacións de todas as comarcas síntomas que apuntan a enfermidades fúnxicas da madeira.

Recomendacións

Posto que as plantas xa se atopan na fase de engrosamento do froito e as condicións climáticas deberían ser menos propicias para as novas infeccións bacterianas, non se recomenda novos tratamentos con produtos cúpricos. Con todo, nas explotacións nas que se confirmen os positivos por PSA poderáse recomendar aplicar o produto Biobacter Plus. En calquer caso, permanecen vixentes as recomendacións feitas en semanas anteriores no tocante á desinfección dos útiles de poda, calzado e vehículos, así como o protocolo a seguir durante a poda dos machos e **evitar o anillado nas comarcas do sur de Pontevedra**.

En plantacións con síntomas de enfermidades da madeira seguir o protocolo establecido para o efecto:

- Marcar as plantas afectadas na zona onde se detecten síntomas.
- Podar inmediatamente as partes enfermas se se observa que se produce unha defoliación acusada e que a froita non se desenvolve correctamente.
- Desinfectar as tesoiras ou serras despois de podar cada planta sintomática ou, en calquer caso, ao remate de cada xornada de traballo.
- Non incorporar a madeira enferma ao terreo, senón retirala da finca e queimala.
- Renovar os brazos afectados cun brote vigoroso que saia do tronco e ir rebaixando a zona enferma, sempre que o grao de infección non sexa demasiado elevado. En caso contrario, colocar unha planta nova no próximo inverno e eliminar progresivamente a madeira afectada.



PATACA

IXP Pataca de Galicia - A Limia

Fenoloxía

Entre o estado de tuberización e floración.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Os tratamentos aplicados contra **mildeu** foron efectivos e conseguiron controlar a enfermidade. Continúan aparecendo síntomas en folla de **mildeu** (*Phytophthora infestans*) que, puntualmente, son de importancia en parcelas con peor ventilación, onde os tratamentos non se aplicaron correctamente ou con variedades máis sensibles, como a Agría. Nalgúns destes casos pode que a perda de vexetación poda afectar ao rendemento da produción de tubérculos.

Cos tratamentos aplicados nas pasadas semanas controlouse o **escaravello** (*Leptinotarsa decemlineata*), polo que esta praga, de xeito xeral, non representa ningún risco para o cultivo.

Recomendacións

Débase manter o cultivo permanentemente vixilado. Nas parcelas con forte presión de **mildeu** convén renovar os tratamentos con materias activas de carácter penetrante para parar o avance da enfermidade. No resto de parcelas renovaranse os tratamentos preventivos con materias activas de carácter sistémico e/ou de contacto.

En tanto non se detecte a presenza de novos exemplares de larvas e adultos de **escaravello** non se deben renovar os tratamentos contra esta praga.



Estado fenolóxico do cultivo na Limia



Variedade Agría con danos por mildeu



Síntomas de mildeu en folla de pataca

IXP Pataca de Galicia – Terra Chá



[segue PATACA](#)

IXP Pataca de Galicia – Terra Chá

Fenoloxía

Entre o estado de tuberización e floración.

Incidencias fitopatolóxicas destacables

Sen incidencias provocadas por **mildeu** (*Phytophthora infestans*). Seguen detectándose exemplares de **escaravello** (*Leptinotarsa decemlineata*), larvas e adultos, que obrigan a aplicar insecticidas para o seu control.

Recomendacións

Débense renovar os tratamentos de carácter preventivo contra **mildeu** e tamén os tratamentos para controlar o **escaravello**.

IXP Pataca de Galicia – Bergantiños

Fenoloxía

Entre o estado de tuberización e floración.

Incidencias fitopatolóxicas destacables

En xeral, o estado fitosanitario do cultivo é bo. Apenas se detectou a presenza de exemplares de **escaravello** (*Leptinotarsa decemlineata*). Non se apreciaron danos por **mildeu** (*Phytophthora infestans*).

Recomendacións

Manter vixilado o cultivo renovando os tratamentos de carácter preventivo contra **mildeu**. Nas parcelas con presenza de larvas de **escaravello**, aplicarase un tratamento insecticida.

HORTA

Zona de Herbón – Padrón: pemento

Fenoloxía

Producción a pleno rendimento. Inico precoz da produción ao aire libre.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas e recomendacións

Presencia de **trips** nivel medio. **Oidiopsis** (*Leveillula taurica*) baixo control coa mellora das condicións dos invernaderos e coa utilización de xufre 80% e/ou flutriafol. Debense aplicar sustancia con moi curto p.s. Comezo de problemas de **antracnose** (*Colletotrichum capsici*) e **septoria** en fincas ao aire libre. Tratamentos con mancozeb 80% e/ou clortalonil. Presencia de **TSWV** en plantas localizadas, que se sacan e destrúen no momento, sobretudo presenza naqueles invernaderos nos que o control de trips é dificultoso. Presencia de **rosquilla negra** (*Spodoptera exigua*), recomendándose tratamentos localizados ao cano da planta con insecticida específico, ou incorporación de clorpirifos ao chan.

Soltas illadas de reforzo de control biolóxico para control de insectos plaga. *Orius laevigatus* e *Aphidius colemani*. Nova entrada de *A. swirski* nas parcelas que aínda non teñen baixo control aos trips.